



# Guía de uso

## Biblioteca

do

### IES Terra de Xallas



## Acerca de nós

- A biblioteca é un centro de recursos para a Lectura, a Información e a Aprendizaxe.
- A biblioteca é un centro creativo de aprendizaxes diversas.
- A biblioteca é un centro neurálxico de adquisición de competencias.
- A biblioteca é un centro de actividades culturais.

[bibliotecaxallas.blogspot.com](http://bibliotecaxallas.blogspot.com)



[bibliotecaxallas](https://www.instagram.com/bibliotecaxallas)

[www.edu.xunta.gal/centros/iesterraxallas/](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesterraxallas/)



# Un pouco de historia

A nosa biblioteca está nun dos tres edificios do IES Terra de Xallas, no chamado 'Aulario', obra do recoñecido arquitecto Alberto Noguerol, xunto a Pilar Díez, quen, entre outros moitos edificios, deseñaron a biblioteca universitaria de Vigo, o Pazo de Congressos de Compostela ou o a Terminal do Aeroporto desta cidade.

A biblioteca ábrese no ano 1991, cando se inaugura o edificio que a alberga, e desde entón non parou de ampliar os seus fondos e recursos para a formación do alumnado, nin de promover actividades para desenvolver as súas competencias.

A nosa biblioteca está integrada no PLAMBE, Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares de Galicia, desde o curso 2009-2010.

## Algunhas normas

Á biblioteca imos de forma voluntaria ler, estudar, buscar información, aprender xogando...

É preciso gardar silencio ou falar baixo cando traballemos en grupo ou xoguemos.

Os libros, xogos ou DVDs que collamos dos andeis deixarémolos enriba das mesas.

Anotarémolos no mostrador antes de utilizar un ordenador ou un xogo.

Se imos escoitar música, farémolo con auriculares para non molestar (podemos pedir uns no mostrador).

Non podemos comer na sala da biblioteca nin na biblioterraza.

Sempre podemos preguntar á persoa que estea no mostrador sobre o que necesitemos.

## Axuda á docencia

A biblioteca pode ser utilizada como unha aula, cando o profesorado o precise.

A biblioteca está equipada con 5 ordenadores de sobremesa para uso do alumnado e 1 para uso do profesorado + un canón + lector de DVD e CD + micrófono sen fíos (con soporte de mesa e de chan) + 2 altosfalantes colgados + encerado con rodas.

Na zona de lectura e traballo hai 24 postos.

Na zona creativa e de xogos hai 4 mesas móbiles para un máximo de 16 persoas.

Hai dúas zonas de lectura informal distribuídas na parte baixa.

Hai unha biblioterraza ao lado con 6 postos, ampliábeis.

# B

# B

# B

CDU (Clasificación Universal Decimal)

- o Dicionarios / Enciclopedias
  - o31 Dicionarios
  - o32 Enciclopedias
  - o33 Atlas
  - o4 Ordenadores / Informática
- 1 Filosofía / Psicoloxía
  - 11 Filosofía
  - 15 Psicoloxía
- 2 Relixión
  - 21 Relixións
  - 29 Mitoloxía
- 3 Ciencias Sociais
  - 31 Demografía / Estatística / Socioloxía
  - 32 Política
  - 33 Economía
  - 34 Dereito
  - 36 Traballo social / Consumo
  - 37 Educación
  - 39 Etnografía / Folclore
- 5 Matemáticas / Ciencias naturais
  - 50 Medio ambiente / Ciencias da Terra
  - 51 Matemáticas
  - 53 Física / Astronomía
  - 54 Química
  - 55 Xeoloxía
  - 57 Bioloxía / Botánica / Zooloxía
- 6 Ciencias aplicadas / Medicina / Tecnoloxía
  - 61 Medicina / Saúde
  - 62 Enxeñería / Tecnoloxía
- 7 Artes / Xogos / Deportes
  - 74 Debuxo / Pintura
  - 77 Fotografía
  - 78 Música
  - 79 Diversións / Espectáculos / Xogos / Deportes
    - 791 Xogos / Deportes / Educación Física
    - 794 Cine / Radio / Televisión
- 8 Lingua / Literatura
  - 81 Linguas clásicas e románicas
  - 82 Literatura
    - 82-C Cómic
    - 82-E Ensaio
    - 82-X Literatura xuvenil
    - 82-N Narrativa
    - 82-P Poesía
    - 82-T Teatro
    - 82-G Literatura grega
    - 82-L Literatura latina
    - 82-HLC Historia da literatura clásica
- 9 Xeografía / Historia / Biografías
  - 91 Xeografía / Viaxes
  - 92 Biografía
  - 93 Historia
    - 931 Prehistoria
    - 932 Historia Antiga
    - 933 Historia Medieval
    - 934 Historia Moderna
    - 935 Historia Contemporánea
    - 936 Historia de España
    - 937 Historia de Galicia
    - 938 Historia da Arte

## COMO BUSCAR?


No catálogo online, ao que accedemos desde o blog da biblioteca ou a web do instituto, podemos buscar un libro polo título, autor/a, materia, ISBN, editorial ou serie.

Nas bibliotecas todos os libros están ordenados segundo a CDU (Clasificación Decimal Universal). Baséase na división de todo o coñecemento en dez grupos ou seccións, que á súa vez se subdividen noutros dez grupos e estes noutros dez. As dez áreas de coñecemento, que en realidade son 9 porque a 4 está baleira, están marcadas con números verdes que colgan do teito indicando a súa localización na nosa biblioteca.

Eses números correspóndense coa táboa do lado, a nosa CDU adaptada 0-1-2-3-5-6-7-8-9. Desta forma todos os libros da mesma materia comezan polo mesmo número.

## COMO ATOPAR?

Todos os libros teñen unha etiqueta no lombo, que permite atopar calquera libro, con axuda da CDU e a orde alfabética.



- Na etiqueta aparece en 1º lugar unha orde numérica seguindo a CDU. Este exemplo é un libro de literatura xuvenil (82-X).

A área máis extensa é a 8, lingua e literatura. Para facilitar a busca, a literatura en lingua galega ten unha etiqueta azul e a literatura en lingua castelá en amarelo. Todos as demais materias / números teñen a etiqueta en branco.

- En 2º lugar aparecen en maiúscula as tres primeiras letras do apelido da autora Marica CAMpo.
- Por último na etiqueta están en minúscula as tres primeiras letras do título do libro (sen artigos). Neste caso 'nós outras'.

A colocación dos libros en cada materia é alfabética, primeiro por apelido de autor/a e, dentro de cada autor/a, por título da obra.

Sempre podemos pedir axuda á profesora de garda.